

## >enpersoa



**XAVIER NAVAZA**

ESCRITOR E  
XORNALISTA

### “O meu libro fala de galegos anónimos que viviron no mundo de Marilyn”

Diego de Cora [dcora@l-v.es](mailto:dcora@l-v.es)

Xavier Navaza (Lalín, 1948) presenta o seu novo libro, *El último amante de Marilyn*, publicado por Alvarellos Editora.

**P ¿Que atopamos en ‘El último amante de Marilyn’?**

**R** Información que descartei do libro *Disparos* porque no momento estaba á marxe do que andaba a facer. O fío condutor do libro son os días que Marilyn pasou en México xunto ao director de ascendencia galega José Bolaños, alumno do tamén galego Carlos Velo, impulsor da radio e televisión mexicana e fundador do Icaic cubano. Naquel ambiente confluíron Buñuel, Rulfo ou o Ché.

**P ¿Como foi a relación de Marilyn con Bolaños?**

**R** Foi Marilyn quen o ligou a el e non ao revés, aínda que Bolaños era un sedutor. Nos EE UU sempre lle botarían en cara que se acercara á esquerda mexicana naquela primavera do 62, coa crise dos mísiles á volta da esquina. Visitou México con axentes do FBI detrás dela.

**P ¿Que hai detrás do romance de Monroe e Bolaños?**

**R** A obra configura unha colección. Fala deses personaxes anónimos galegos que estiveron vencellados dalgún xeito a todo aquel mundo: cociñeiros, choferes, revolucionarios, etc.

**P ¿Como se documentou para esta obra?**

**R** Principalmente con información de transmisión oral. En realidade creo que con isto abro un novo camiño. Nunha canle americana estearon o programa *Who do you think you are?* No primeiro capítulo falan das raíces de Martin Sheen. Os fillos de Velo son descendentes de galegos, pero mexicanos; Bolaños non se sente galego... pero as raíces están aí.